



MAPA HISTÓRICO

Os mapas históricos serven para ordenar de xeito visual a información xeográfica dun momento ou proceso histórico. O seu comentario trata de explicar esa información e extraer conclusións.

Recordamos como se fai un comentario de mapa histórico:

1 Identificación

- **Título/tema:** se non ten, debemos poñerlle un. Se ten, é un indicador sobre o tema do mapa.
- **Tipo de mapa:** identificar o tipo de mapa por tema ou por fenómeno histórico representado.
- **Data/Período:** situar no tempo os feitos ou procesos representados.
- **Área xeográfica:** pode ser rexional, continental ou do mundo (mapamundi); debemos indicar os límites xeográficos que encadran o mapa.

2 Descrición e Análise

- **Descrición** do mapa e dos elementos representados.
- **Análise** da situación e/ou evolución dos elementos representados: que información proporciona o mapa? Débese seguir unha orde, polo xeral, a que proporciona a lenda.

3 Comentario

- Breve introdución sobre o **tema histórico** (idea principal).
- **Explicación** dos elementos representados no mapa que xa temos analizado, poñéndoo en relación co tema e o contexto histórico.

4 Conclusión

- **Consecuencias:** importancia do fenómeno histórico representado nun contexto máis amplo, a súa influencia sobre acontecementos e procesos históricos posteriores.
- **Valoración persoal:** opinión persoal argumentada sobre o mapa, a súa exactitude ou o interese dos datos para o coñecemento histórico.

TIPOS DE MAPAS HISTÓRICOS

★ Segundo o tema:

- a) **Político:** fronteiras, imperios, estados, ...
- b) **Militar:** batallas, guerras, estratexias, conquistas, ...
- c) **Político-social:** expansión dun fenómeno histórico, resultados electorais, nacionalidades, etnias, ...
- d) **Económico:** áreas industriais, rutas comerciais, vías de comunicación, ...
- e) **Demográfico:** movementos migratorios, crecemento de poboación, ...
- f) **Cultural:** monumentos, movementos artísticos, ...

★ Segundo os feitos ou procesos:

- a) **Estático ou de situación:** representa un acontecemento ou situación nunha data concreta.
- b) **Dinámico ou de evolución:** representa movementos no espazo ou no tempo (evolución dun fenómeno histórico).



Comentario de mapa histórico. Guía de corrección

Criterios	Sobre 10 (actividade)	Sobre 6 (en exame)
① Identificación	(2/10)	(1/6)
• Título/tema	(0'5)	(0'25/6)
• Tipo de mapa	(0'5)	(0'25/6)
• Data/Período	(0'5)	(0'25/6)
• Área xeográfica	(0'5)	(0'25/6)
② Descrición e Análise	(3/10)	(2/6)
③ Comentario	(3/10)	(2/6)
④ Conclusión	(2/10)	(1/6)
• Consecuencias	(1'5/10)	(0'75/6)
• Valoración persoal	(0,5/10)	(0'25/6)